

ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PUBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE TRACTOR DESBROZADORA NO CONCELLO DE VILAR DE SANTOS:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

De conformidade co establecido no artigo 41 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, as entidades locais poderán establecer prezos públicos pola prestación de servizos ou a realización de actividades da competencia da entidade local, sempre que non conorra algunha das circunstancias especificadas na letra B) do artigo 20.1 do citado texto legal. Con fundamento na norma exposta o concello de Vilar de Santos establece o prezo público pola prestación do servizo municipal de tractor desbrozadora a particulares.

ARTIGO 1º. CONCEPTO

O concepto polo que se esixe o pago de prezo público é a prestación do servizo con maquinaria municipal, concretamente co tractor desbrozadora, a personas naturais, xurídicas, públicas ou privadas.

ARTIGO 2º. AMBITOS SUBXETIVO E OBXETIVO

Están obrigados ó pagamento do prezo público as persoas físicas e xurídicas que soliciten a prestación do servizo de tractor desbrozadora do concello de Vilar de Santos para a realización de determinadas actuacións como tarefas de limpeza e desbroce de fincas, dentro do termo municipal de Vilar de Santos.

ARTIGO 3º. SOLICITUDES

3.1. As persoas físicas, xurídicas ou entidades interesadas na prestación do servizo de tractor desbrozadora deberán presentar nas oficinas municipais unha solicitude dirixida ó Sr. Alcalde, na que se especifiquen os traballos a realizar, a situación, a superficie, tipo de maleza, día/s solicitado/s e unha estimación da duración do tempo necesario para a prestación do servizo. A dita solicitude debe acompañarse de documento acreditativo da propiedade do terreo a desbrozar.

3.2. A prestación do servizo realizarase trala correspondente resolución de Alcaldía ou Xunta de Goberno na que se acepte a petición formulada, segundo a disponibilidad.

Acordada a prestación do servizo este poderá suspenderse por razóns de interese público, o que se comunicará inmediatamente ó usuario e sen que este teña dereito a indemnización ou contraprestación de resarcimento o seu favor.

3.3. Ante as solicitudes presentadas, estableceráse un orde de prioridades na que terán preferencia por esta orde:

a) Zonas comprendidas nas franxas de especial protección e perímetros dos pobos dacordo co establecido na lei 3/2007 do 9 de abril de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia e as directrices da Consellería de Medio Rural.

b) Solicitude agrupada de interesados para desbroce de superficie en común.

c) Solicitudes individuais en función da superficie e utilidade desta.

3.4. O operario municipal encargado do manexo do vehículo emitirá un parte de traballo nos que se especifique as horas empregadas no servizo que deberá asinar en proba de conformidade o beneficiario.

3.5. O tempo mínimo polo que se poderá solicitar a utilización do servizo é de 1 hora.

ARTIGO 4º. PREZOS

4.1.- O importe do prezo público fíxase na contía de 35 euros por hora de traballo.

4.2.- As comunidades de montes en man común constituídas por veciños do concello aboarán 20 €H.

4.3.- Os traballos de limpeza en montes con destino a limpeza forestal en prevención de incendios forestais, aboaranse, no seu caso, a cargo das tarifas establecidas no convenio suscrito entre o concello e a Xunta de Galicia ou outras Administracións Territoriais.

4.4.- Cando existan razóns de orde social ou benéficas así constatadas por informe da traballadora social, poderá bonificarse o prezo resultante nun 50% ou incluso chegar o 100% sempre e cando de dita intervención non se derive un interese económico.

4.5. Estas liquidacións son independentes e compatibles coas sancións que lle poidesen recaer ó propietario da finca ó amparo do establecido na lei 3/2007 do 9 de abril de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia e as directrices da Consellería de Medio Rural.

ARTIGO 5º. OBRIGADOS O PAGO

5.1. A obriga de pagamento nace dende o momento no que se concede a prestación do servizo.

Con este acordo xirarase unha liquidación provisional do servizo equivalente a unha hora de traballo, liquidándose á vista do parte de traballo a liquidación definitiva.

5.2. As débedas polo prezo público non satisfeitas de modo voluntario polos interesados, esixiránse polo procedemento administrativo de constrinximento.

DISPOSICIÓN FINAL

A modificación desta ordenanza entrará en vigor o mesmo día no que se produza a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa e comezará a aplicarse a partir do un de xaneiro do dous mil doce.